

Bases do II CERTAME MICRORRELATO

Con motivo da vindeira celebración do **Día Internacional da Muller, 8 MARZO 2.022**, xornada para reivindicar os dereitos e a igualdade de oportunidades así como denunciar as desigualdades e a violencia que veñen sufrindo as mulleres ó longo da historia, REDE FEMINISTA SADENSE convoca o **II CERTAME de MICRORRELATO**.

Poderán participar nenos e nenas, mozos e mozas, con idades comprendidas entre os 7 anos e os 17 anos.

Este certame convócase nas seguintes **DOUS CATEGORÍAS**:

1º.- Categoría MICRORRELATO-INFANTIL para participantes con idades comprendidas entre 7 e 11 anos (ambos incluídos)

2º.- Categoría MICRORRELATO-XUVENIL para participantes con idades comprendidas entre 12 e 17 anos (ambos incluídos)

O microrrelato deberá remitirse escrito en **lingua galega ou castelá** e deberá ser orixinal, cunha extensión máxima de **150 palabras**. Poderá ser presentado en forma manuscrita ou a máquina, e cada concursante poderá presentar tantos microrrelatos como desexe.

Os traballos deberán ser remitidos en formato .PDF ó enderezo de correo electrónico redefeministasadense@gmail.com xuntando ó mesmo os seguintes datos persoais do/a autor/a: **Nome completo, idade, curso e centro escolar, localidade de residencia, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto así como autorización de participación asinada pola nai/pai/tutora/tutor legal no caso dos menores de idade**. É moi importante que os traballos sexan remitidos con calidade óptima, non borrosa e lexibles

A data límite de presentación dos traballos será o día **1 DE MARZO DE 2.022**.

Desbotaranse os traballos enviados fora do prazo ou, en xeral, os que non cumplan as condición expresadas nas seguintes bases.

Entre todos os traballos recibidos seleccionárase o mellor microrrelato e hasta dous finalistas (máximo) dacordo cos seguintes criterios: **A orixinalidade do enfoque e a utilidade do texto cara a sensibilización social a favor da igualdade entre homes e mulleres e a prevención e erradicación da violencia de xénero**.

A identidade do/a gañador/a do certame e dos/as finalistas comunicárase a través de e-mail e redes sociais o día **8 de marzo de 2.022**.



Cando as condicións e as normas o permitan, REDE FEMINISTA SADENSE convocará ás/ós participantes no certame e á cidadanía en xeral á celebración dun acto público de exhibición e lectura de todos ou algúns dos traballos presentados, ó seu criterio, con mención especial ós/ás gañadores e finalistas do certame.

Na celebración do acto farase entrega ós/ás gañadores/as e finalistas dun agasallo pola súa participación e compromiso.

A participación no certame implica a aceptación, sen exclusión, de todas a súas bases e condicións.

Non se admitirá ningún traballo cuxos dereitos de propiedade intelectual non pertencen íntegramente e sen excepción ó/á propio/a participante do certame.

Os/as participantes garanten que os traballos presentados son da súa autoría e fanse plenamente responsables do seu contido. asumindo a total responsabilidade e deixando á organización convocante indemne fronte a calquer reclamación que, neste senso, pudieran facer terceiras persoas, incluído as derivadas dun incumprimento da lexislación sobre honra, intimidación, inxurias e calumnias, dereitos de imaxen ou expresión que pudieran ser tidas como difamatorias ou obscenas.

REDE FEMINISTA SADENSE resérvase o dereito de desbotar ou excluir do certame, ó seu xuízo, os traballos presentados nos seguintes casos: Traballos con expresión violentas, denigrantes, vexatorias ou insultantes, ou que, por calquer motivo podan ser ofensivos ou faltos de respecto; traballos que non cumpran con algún dos requisitos de participación; traballos que non se adapten á temática do certame ou incumpran as condicións do mesmo.

As mencións fixadas a ganador/a e finalistas poderán quedar desertas se a xuízo do xurado non concorren nos traballos méritos para a obtención da distinción. As distincións outorgadas de gañadores/as e finalistas, serán en calquera caso gratuítas e non levarán aparellada dotación económica ou material algunha, salvo o agasallo previsto anteriormente nestas bases.

Todos os traballos presentados ó Certame poderán ser publicados ou difundidos en calquer formato por REDE FEMINISTA SADENSE. Os dereitos editoriais de reprodución, distribución, transformación ou comunicación pública pertencen ós/ás autores/as dos traballos presentados. As e os participantes autorizan a REDE FEMINISTA SADENSE a publicar todos os traballos presentados ó certame nas súas páxinas webs e redes sociais, cartelería ou actos de promoción das actividades ou campañas da asociación sen fins lucrativos, así como á inclusión dos mesmos en exposicións públicas en actos de rúa ou salas e todo elo sin que exista dereito a retribución algunha para os/as seus autores/as.

O xurado terá soberanía na interpretación das bases. En caso de dúbidas ou discrepancias na interpretación dalgunha das presentes bases, Rede Feminista Sadense realizará unha interpretación atendendo ó espírito e finalidade propia do certame. Todas as persoas que presenten os seus traballos aceptarán a decisión do xurado que será inapelable.

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN

II CERTAME DE MICRORRELATO

DON/ DOÑA _____, titular do DNI nº _____, na miña cualidade de pai/nai/tutor@ da menor de idade _____,

pola presente

AUTORIZO a participación d@ menor indicad@ no **II CERTAME DE MICRORRELATO, organizado por REDE FEMINISTA SADENSE**, aceptando as súas bases.

E para que así conste asino a presente en _____ a ____de _____ de 2.022.

Asinado: D/D^a _____